

En Santiago de Compostela, a de outubro de 2006

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. José Luis Méndez Romeu, conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en nome e representación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

doutra parte, as organizacións sindicais asinantes ao final do presente documento,

RECOÑECEN

A defensa do servizo público é un das arelas fundamentais de toda sociedade democrática avanzada. A prestación de servizos públicos de calidade ten como obxectivo facer efectiva a igualdade de oportunidades entre as persoas, nunha administración que sexa garante e impulsora de dereitos e liberdades de todas e todas as galegas e os galegos, os servizos públicos constitúen instrumentos esenciais para facer que o progreso individual vaia acompañado do progreso do conxunto da sociedade.

A administración galega non pode cumprir coa tarefa que ten encomendada sen o seu principal activo: o capital humano, as persoas que traballan para ela.

É necesario no ámbito do emprego público un esforzo modernizador, baseado na fixación de obxectivos e a avaliación dos resultados. O futuro Estatuto Marco do Empregado Público avanza nesta liña de avaliación que é o fundamento e base dunha boa ordenación dos recursos públicos.

Por outra banda, os novos desafíos teñen o seu reflexo nas principais calidades que han de ter os empregados e empregadas públicos actuais, como son unha perspectiva enfocada cara á xestión, altos niveis de formación, capacidade de adaptación a ámbitos cada vez máis cambiantes e actitude de responsabilidade ante os resultados do labor individual e colectivo.

Mentres o persoal funcionario docente, parte do persoal estatutario, e o persoal ao servizo da administración de xustiza, teñen acadado acordos de índole retributiva nas súas mesas sectoriais, unha parte moi importante das empregadas e dos empregados públicos galegos non contaron ata o de agora, cun acordo específico como o presente.

O acordo pretende avanzar no obxectivo da modernización do emprego público a través da valoración dos postos de traballo, e da dignificación das traballadoras e traballadores públicos, como elemento principal para dar cumprimento os importantísimos fins de equidade, xustiza e servizo público que persegue a administración pública galega.

É prioritario conseguir a eficiencia e a eficacia da administración ao servizo dos cidadáns, para o que é esencial que contemos cuns empregados públicos axeitadamente motivados e preparados.

Os incrementos retributivos previstos no presente acordo aplicaranse, no caso do persoal funcionario sobre o complemento específico, que é o destinado a retribuír as condicións particulares dos postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. No caso do persoal laboral a medida terá o seu efecto sobre o complemento de posto de traballo ou concepto equivalente que retribúa as especiais características do posto de traballo.

Nunha primeira fase, é necesario acometer unha suba lineal dos complementos específicos e dos complementos de funcións que permitan a estes ser instrumento motivador da labor do persoal ao servizo das administracións públicas, facendo efectivo ademais un principio de

solidariedade e permitindo a tódalas persoas que traballan no ámbito público recuperar parte do poder adquisitivo perdido nos últimos anos, como consecuencia dos esforzos asumidos para lograr a estabilidade orzamentaria, e os obxectivos macroeconómicos de crecemento do emprego e contención da inflación.

Nunha segunda fase, a suba se aplicará tan só sobre determinados postos de traballo, como xeito de recoñecer as especiais condicións dos mesmos.

Tendo en conta todo o anterior, os asinantes do presente documento

ACORDAN

1. O ámbito subxectivo do presente acordo comprende os postos de traballo do persoal funcionario e laboral ao servizo da administración pública galega representado na Mesa sectorial de función pública así como no comité intercentros.

2. Os complementos específicos e o plus de funcións do persoal laboral, experimentará unha suba en porcentaxe de masa salarial, tal e como se reflicte no seguinte cadro:

Ano 2006	1,05 %
Ano 2007	1,5%

Ano 2008	1,75%
Ano 2009	2%

A suba para o ano 2006 e 2007 será lineal para todo o persoal afectado polo presente acordo de xeito que a suba sexa idéntica para todos empregados e empregadas públicas con independencia das súas retribucións actuais.

Nos anos 2008 e 2009, reservarase unha porcentaxe do 10% da suba prevista para eses anos, ós efectos de aplicar esa cantidade ó incremento dos correspondentes complementos nalgúns postos de traballo. A determinación dos postos afectados, e das contías a aplicar serán obxecto de negociación coa representación dos empregados e das empregadas públicas.

En cumprimento do disposto anteriormente, garántese para todo o persoal incluído no ámbito de aplicación do acordo os seguintes incrementos en cómputo anual:

Ano 2006	228,42 €/anuais
Ano 2007	345,89 €/anuais
Ano 2008	384,98 €/anuais
Ano 2009	466,38 €/anuais

3. A administración e as organizacións sindicais comprométense a asinar, antes de finais de ano un Convenio Colectivo para todo o persoal ao servizo da Xunta de Galicia que substitúa o actualmente vixente, e no que se tenderá, entre outras, a medidas a prol da conciliación da vida persoal, laboral e familiar, e a loita contra a violencia de xénero. Este

acordo suporá o teito económico ó que se deberán axustar as partes negociadoras, respecto dos conceptos nel contemplado.

4. As partes comprométense a negociar de boa fe para acadar unha mellora e modernización dos servizos públicos, a través dunha adecuada organización do factor humano implicado na prestación dos mesmos.

A estes efectos, no primeiro trimestre do ano 2007 constituirase unha comisión paritaria de seguimento do presente acordo, que poderá designar comisións especializadas para o análise e negociación de, entre outros, os seguintes aspectos:

- Carreira administrativa e promoción dos empregados públicos.
- Estrutura da función pública, e dos seus corpos e escalas, para a adaptación da estrutura actual as modernas necesidades de xestión pública.
- Seguimento da temporalidade, e propostas para a redución da mesma co obxectivo de acadar, antes do final do período de vixencia do acordo unha porcentaxe non superior ó 8% do total dos empregados públicos afectados.
- Xornada de traballo, vacacións, permisos e licenzas, de acordo cos principios de seguridade xurídica, conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e cobertura axeitada das necesidades do servizo público.
- Funcións e perfís profesionais, aptitudes e calidades esixibles para os distintos postos de traballo na administración pública autonómica.

5. A administración pública autonómica consonte o disposto na Lei de Función Pública de Galicia, comprométese a realizar un proceso de funcionarización do persoal laboral que estea a desenvolver funcións

reservadas a persoal funcionario segundo o previsto na normativa vixente.

Pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

Polas organizacións sindicais.

Por CIG.

Por CCOO.

Por UGT.

Por CSI-CSIF.